

A Educación Ambiental extraescolar

M^a Xosé Mosquera González, Departamento Teoría e Historia da Educación. Santiago de Compostela

A Educación Ambiental foi referencia a unha educación que se desenrola sobre o medio, a través do medio e en favor do medio.

Según a comisión de Educación da Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN), é o proceso que consiste en asumir valores e acadar conceptos a fin de fomentar as actividades e capacidades necesarias para comprender as interrelacións entre o home e o seu

medio, tanto físico-natural como socio-cultural; considerando que a práctica na toma de decisións e a propia elaboración dun código de comportamento con respecto as cuestións relacionadas coa calidade do medio son aspectos complementarios dese proceso.

O "extraescolar", pola súa parte, presentase de cotío como unha realidade educativa con múltiples lecturas.

Aceptando o senso literal do término consideramos que a educación extraescolar abarca todos os procesos educativos que se desenrolan fora da institución escolar e ó marxen de experiencias curriculares de ensino formalizado; entendendo tamen que o organizado "en" e "por" as institucións educativas, (pero que non configura os programas convencionais), admite a súa inclusión no extraescolar.

Tipos de experiencias

A) Experiencias de contido informativo-divulgativo (educación informal).

Nesta categoría inclúense iniciativas de distinto tipo (actos conmemorativos, campañas cidadáns, exposicións, xornadas, publicacións, etc.), orientadas a aumentar a capacidade de percepción do medio e os seus problemas, desertar o sentido crítico e a participación cidadán.

Entre as múltiples e heteroxeneas experiencias merecen destacarse as incluídas nos denominados **Programas de Educación Ambiental Comunitaria**, desenrolados a nivel local (barrios, pobos, etc.) e tendentes a acadar un determinado nivel de coñecemento e actitudes con relación a algún problema ambiental da comunidade (incendios, contaminación, residuos, etc.). A denominada **Interpretación Ambiental**, como experiencia directa e reveladora do significado e relacións do home co seu medio, tería aquí plena cabida.

B) Experiencias e actividades complementarias ou de apoio ó curriculum escolar (educación cuasi formal).

Os plantexamentos pedagóxicos-didácticos destes proxectos basanse nunha maior apertura do curriculum escolar o seu entorno, sendo utilizados como complemento ou apoio da actividade estritamente escolar. Entre outros podemos destacar:

-**Hortos escolares/aulas xardín:** pretenden achegar a natureza o aula utilizando o horto e o xardín escolar como recurso para coñecemento empírico do medio, a revalorización do traballo agrícola, o fomento do espírito cooperativo, etc.

-**Itinerarios naturais e urbanos:** orientados o estudo e exploración dun espazo físico concreto, proporcionan as indicacións ou pautas a seguir -ben

na guía do profesor ou no caderno do alumno para a realización do seu percorrido, poidendo incluír ademais espazos destinados a realizar as anotacións oportunas.

-**Inventario de recursos didácticos do entorno:** constitúen unha relación aberta e sistematizada de lugares, entidades, aspectos e característica dun territorio, ó tempo que unha estratexia de recollida e sistematización de información, utilizable como recurso didáctico nos centros de ensino.

-**Escolas viaxeiras:** dependentes da Dirección Xeral de Promoción Educativa do MEC, supoñen a realización de percorridos territoriais por zonas de interese natural, artístico, social e/ou cultural.

Dentro deste apartado cabería incluír tamen os **xogos e simulacións de carácter medioambiental** e os medios e recursos audiovisuais.

C) Experiencias e actividades de base infraestructural propia, externas as institucións escolares (educación non formal):

En esta categoría facemos referencia a aquelas iniciativas e recursos que poseen unha infraestrutura propia, instalacións, localización xeográfica, medios materiais e humanos permanentes, etc., e que son utilizados, en certos casos, como soporte e complemento dos anteriormente citados.

-**Granxas-escola:** co traballo de horto, con animais de granxa, de Ciencias Naturais e Ecoloxía, de transformación de produtos

e de creación e expresión.

-**Campos de traballo:** orientados á realización de "traballos reais" de carácter ambiental en espazos naturais ou construídos, desenvolven tamen actividades de carácter lúdico, cultural e educativo.

Coincidentes na súa filosofía son as actividades de **recuperación de pobos abandonados** e os proxectos nons pobos-escola para escolares e xóvenes.

-**Centros de Interpretación, recepción ou acollida de visitantes:** ubicados en Parques Nacionais ou Naturais ofertan instrución técnica e recursos humanos.

Nesta mesma liña tense creado as **Reservas Ecolóxicas Educativas**, concretamente, co fin de reducir a intensidade de uso e explotación da zona en favor da súa utilización educativa e cultural.

-**Cotos escolares:** atenden a tres áreas de actividade: bosco, zonas recreativas e agrícolas, na que ofertan unha parcela a cada grupo de alumnos, o obxecto de que desenvolven de forma permanente actividades preciamente programadas.

-**Escolas-Taller:** asumindo os obxectivos definitorios de recuperación dun ben cultural e a formación ocupacional, pretenden compatibilizar as propostas de conservación e mellora do medio das da súa explotación e aproveitamento, facendo dos alumnos en formación, profesionais cualificados vencellados o entorno, capaces de xestionar os sistemas naturais dende un

punto de vista económico-conservacionista.

-**Aulas na Natureza:** xestionadas pola Consellería das CC.AA., se desenvolven como actividades nos campamentos de vran co fin de aproveitar os contactos dos xóvenes ca natureza nos tempos de ocio e impulsar ensinanzas sobre ela, baixo o propósito de provocar cambios e actitudes fronte o medio.

Conclusiones

Atendendo a criterios valorativos, indicamos, entre outros, algúns aspectos que dende a Educación Ambiental Extraescolar e entre os grupos de participantes supoñen logros e resultados positivos tanto para as cuestións relacionadas co medio ambiente como para os procesos de ensino-aprendizaxe. Concretamente fan referencia a:

-Desenvolvemento da curiosidade e capacidade de observación con respecto o medio.




-Toma de conciencia da problemática ambiental e recoñecemento das actitudes persoais a adoptar para a súa resolución e prevención.

-Fomento da capacidade de investigación e do seu método como modelo de aprendizaxe.

-Incremento das reflexións metodolóxicas nesta liña medioambiental e adopción de novas técnicas de traballo, etc.

-Con todo é preciso manifestar, de cara o futuro e con relación o noso país, a necesidade de:

-Demandar as distintas administracións (Autonómica e Local) o apoio necesario para estas experiencias, a fin de potenciar a súa recoñecida relevancia, facilitar o acceso a tódolos interesados en participar e posibilitar proxectos estables.



Un mosteiro cisterciense serve de marco para a escola de Montederramo

Un mosteiro do orde do Cister sempre é motivo de atención por parte de todos os amantes da arte. Visitar un conxunto monumental deste tipo é unha atracción para todos. Pero se nel, no seu interior, ademais de ser todo un conxunto monumental hai un colexio público, a atención que se lle pode prestar é aínda maior se cabe. Estamos a falar do colexio público de Montederramo, un colexio que se comenzo a construír hai máis de 10 anos e que aínda non está rematado (por problemas coa empresa constructora). Proba-delo é que non ten nome. Tal requisito está á espera de que o Consello Escolar e o Concello proponían un nome á Consellería e que ésta o permita.



Xoan Manuel Carballo, director deste centro escolar desde o presente curso, afirma que "este colexio, desde o punto de vista pedagóxico, está enclavado nunha zona de alta emigración e deprimida, na que os rapaces viven en condicións adversas. O gran reto que temos os mestres é adaptar unha escola pensada para un xeito de vida urbana a esta realidade. Hai que admitir -sinala- que aos mestres non nos prepararon para isto e que o sistema educativo non ten en conta o mundo rural. O que intentamos é vincular o ensino coa propia experiencia dos rapaces e reelaborar os contidos de xeito máis adaptado para eles".

O Mosteiro de Montederramo é cisterciense, a cabalo entre os séculos XV e XVI. Naquela época foi escola de Filosofía para toda a orde en toda Galicia; nel estaba unha famosa biblioteca que foi levada posteriormente a Ourense e que quedou destruída nun incendio, hai uns 50 anos.

A idea do colexio público xurde a mediados dos 70 cun enfrentamento entre as localidades de Montederramo e Vilariño Frío en relación a súa ubicación. Os pais de Montederramo mercaron pola súa conta un terreo, ao que pueron auga e luz, con todos os gastos ao seu cargo, co fin de dicir que no concello había un sitio para o colexio. Os de Vilariño Frío defendían que colocando 'alí o colexio podían acudir ao mesmo os rapaces da localidade xunto aos de Montederramo e do concello de Parada do Sil. O antigo delegado de Educación, Manuel Barreiro, fixo a oferta de aproveitar o Mosteiro e ubicar o colexio, e presentou o tema ante o Ministerio; quedouse en que os gastos foran pagados entre Cultura e Educación, segundo o programa de aproveitar e dar vida aos centros históricos. A partir de que o centro escolar quedou en Montederramo, os nenos deste Concello acuden ao mesmo, mentras que os de Vilariño acuden en parte, e outros van a Xunqueira de Espadañedo. Ao de Montederramo acuden tamén de localidades de Parada do Sil.

"Desde o punto de vista educativo, o colexio ten certas limitacións -afirma Xoan Manuel Carballo-, como por exemplo que as clases son excesivamente longas e estreitas, pero hoxe por hoxe non é problema porque hai poucos nenos". O colexio, que comenzo a funcionar no 86-87, conta con 130

As escolas de Ourense



alumnos repartidos en 5 unidades de EXB e unha de preescolar. Para atendelos cóntase con "sete profesores e medio". Este número, segundo explica o director, débese a que "hai un profesor por

unidade máis un de apoio e tamén aproveitamos un profesor de compensatoria que dá tres veces á semana, subvencionado pola CE para zonas rurais deprimidas, que se reparte entre Parada do Sil (dous días) e Montederramo".

Problemas e carencias

O principal problema deste centro é que leva máis de 10 anos construíndose e aínda non se rematou. Na sa capitular do Mosteiro pénsase ubicar a biblioteca, "e xa temos un presuposto de 3 millóns e medio de pesetas para mobiliario ambientado coa época, á espera de que o aprobe a Consellería. Libros non había ningún, e fomos recollendo das antigas escolas. Tamén aproveitamos 300 mil pesetas de subvención da CE para escolas rurais e pedimos libros a entidades privadas e públicas; no colexio adicamos un pequeno presuposto a este fin (50 mil) e a APA outras tantas. En total pode haber aproximadamente uns 800 libros".

Polo que se refire a deportes, "non existe nada; non dispoñemos de patio de recreo ao aire libre". Curiosamente na parte de atrás do Mosteiro hai unhas instalacións de duchas e vestuarios, aos que non se pode chegar xa que están en terreo privado e cultivado (en trámites de adquisición)-e con máis dun metro de altura entre o chan e a porta de acceso. O único deporte que se pode facer no colexio, ademais de ximnasia no patio do claustro, é ping-pong no claustro, xa que hai dúas mesas para tal modalidade. "Cando fai bo tempo -dí- levamos aos nenos ao xardín do Concello para que xoguen a baloncesto e balón-pe nunhas canchas que hai alí".


En canto a laboratorio, "cando comenzo a construír o colexio mandaron todo o material e almacenouse nos baixos do povo, pero co tempo estropeouse e hoxe non hai practicamente nada". Para a sa de pretenoloxía "estámola a construír na actualidade, pero non temos ningún material para a mesma". Co material que contan para as distintas actividades é co que mandaron para preescolar (radio-cassette, xogos, guñol, etc.).

A maioría dos nenos queda a comer co colexio (uns 120), "e estamos á espera de que nos manden as mesas e o material necesario, xa que hoxe estamos aproveitando as mesas das aulas".

Finalmente indicar que o colexio edita un voceiro chamado "A Caracocha" no que participan todos os rapaces. Tal nome ven dado porque "na Praza de Montederramo hai unha árbore de moita antigüidade a quen todo o mundo chámalle Caracocha. É un vello carballo cun grande oco no seu tronco, moi querido polos veciños que dín, segundo a lenda, que cando a orde do Cister trasladou o Mosteiro de Seoane Vello para Montederramo plantaron a árbore ao carón do Mosteiro. No Mosteiro consérvase un escudo cunha árbore como motivo principal, así como o actual escudo do Concello".

Xosé Lois Carrión

EXPERIENCIAS



Xosé Baluja, do secretariado da Escola Rural de Cataluña.

“A elaboración dunha alternativa para a escola rural galega pasa pola organización dos mestres implicados”

(Xosé Baluja)

Xosé Baluja Barreiro é un mestre catalán, natural de Galicia. Sen esquecer a nosa realidade social e educativa, o seu principal compromiso está relacionado coa transformación da escola rural catalana, coa súa acción escolar en Vilarrodona (Tarragona) dende hai 16 anos, coa súa participación nos Movimentos de Renovación Pedagóxica e co seu traballo no movemento específico de escola rural, encetado hai agora nove anos. Con él mentivemos recentemente a seguinte entrevista:

—Dende hai un ano, esta é a segunda vez que nos vemos en Galicia, ¿Mantés contactos co movemento pedagóxico galego? ¿Qué valoración fas do mesmo?

—Coñezo a realidade educativa de Galicia, especialmente a do medio rural, falo o noso idioma cando estou aquí, e trato de estar informado do proceso que seguen os cambios educativos no agro galego. A miña presenza hoxe responde a unha invitación de N.E.G. para participar nas Xornadas de Escola Ruaral, aportando datos das experiencias que se teñen producido en Catalunya, sen idealizá-las, xa que alí tamén temos problemas que resolver na nosa práctica cotiá. Coido que en Galicia estése empezando a tomar conciencia da situación da escola rural e pódese

chegar pronto a unhas organizacións de ensinantes que loiten por unhas obxetivos básicos para a escola rural do futuro.

—¿Cales serían estes obxetivos? ¿Cómo os plantexades en Catalunya?

—Alí temos un traballo de base que parte do ano 1979, que neste intre apunta a unha **alternativa de zonalización**. Pretendemos desenrolar esta alternativa, dala a coñecer, manter coordinados os diversos grupos que a asumen, transmitir as nosas propostas á administración e tentar que se cumpran os acordos acadados.

—Explícanos en qué consiste a zonalización.

—A zonalización é a alternativa teórica que a nivel de todo o Estado español se ven defendendo no marco das tres Xornadas que se levan realizado. A zona é un conxunto de escolas que debe ter a **consideración de centro público**. Esa zona contaría cunha serie de servicios e recursos mancomunados (laboratorios, clase de música, clase de ximnasia, clase de idioma) gardando cada escola a súa identidade dentro dun proxecto educativo común para a zona. O que marca a calidade do ensino é ese proxecto educativo común, con un Consello escolar, así como o millor aproveitamento dos recursos e o traballo dos ensinantes en equipos. Con elo preténdese a medio prazo a eliminación das macroconcentracións escolares, e como obxetivos máis inmedia-

tos: evitar a desaparición das escolas pequenas, evitar que queden ailladas e garantir unha calidade do ensino nas áreas rurais.

—¿Atópase unido o maxisterio rural en torno a esta alternativa?

—O grau de concientización do maxisterio catalán é moi alto. Escomenzamos con atrancos no ano 1979, pero hoxe, despois de seis xornadas celebradas a implicación é óptima. Hai diversos grupos autónomos, perto de 30, integrados nun Secretariado. Os grupos e o Secretariado están moi consolidados e constituen unha organización a ter en conta no deseño do modelo educativo para o medio rural.

—¿E na realidade ténsevos en conta para as decisións político-administrativas?

—Mantemos relacións coa administración. Eu son dos que defenden unha postura negociadora, o cal non implica coincidencia coas institucións políticas autonómicas. Pero coido que incidimos na política educativa e que, ata certo punto, nos escoitan. Pode que pronto aparezan recollidas nun proxecto de lei moitos dos aspectos que acabo de comentarche. Eso non significa que o noso traballo remate aquí, pois non están solucionados todos os problemas, pero hai avances cualitativos de certa consideración.

—Moitas gracias por concedernos este tempo, e que nos sigamos vendo para o análise destes problemas comúns.

X.M.C.

EDUPAZ

Xogo de enfoque de valores

Obxetivos: Buscar valores resulta mais fácil se existe un ambiente favorable. Para acadalo, profesores e alumnos crearán un clima de tolerancia e respecto diante calquera opinión que se poda emitir. O xogo serve para aceptar os diversos puntos de vista. O obxectivo perseguido é **comprender** o punto de vista do outro.

Procedimento: Para introducir o xogo, o animador/profesor fai que escriban afirmacións do tipo “atópome mellor cando estou con un grupo de xente que...”, “atópome peor cando estou cun grupo de xente que...”. Unha vez completadas as frases, os alumnos repártense en grupos de tres. Cada un terá a seguraza de que os outros dous lle escoitan durante cinco minutos. Neses cinco minutos, o “protagonista” falará sobre as suas respostas.

A interacción no grupo reglamentarase dador coas seguintes normas:

1.— **A regra do foco:** Cada persoa do grupo ten que ser protagonista 5 minutos.

2.— **Regla da aceptación:** Ser receptor da persoa foco (afirmacións coa cabeza, sorrisos, xestos variados axudan a acadar a comunicación. Se non estás dacordo co que dice, non amoses a tua disconformidade; terás ocasión sobrada de facelo, cando o compañeiro remate).

3.— **Regla de comprensión:** intenta comprender o que che dice. Pregunta o que sexa preciso para entender mellor o que che quere comunicar, pero sen amosar sentimentos ou actitudes negativas na tua pregunta (cada estudante pode ter unha copia das regras; éstas teñen que aceptarse).

Observacións para o profesor/animador

Este xogo pode empregarse dentro de calque-

ra actividade centrada en valores que presupoña discusión en pequenos grupos; sirve para aprender a escoitar. Se se coida conveniente, pódese flexibilizar ou relativizá-la regra 1, para facilitar unha discusión mais fluída.

Cando se comenza o xogo, especialmente as primeiras cinco veces, o animador pode suxerir aos participantes que se autoevalúen e que evalúen aos outros nunha escala de 1 a 5 en relación á experiencia; deste xeito poden percatarse de como reaccionaron fronte ás regras. As “notas” discutiránse en pequenos grupos para axudar a mellorar as actividades que resultaron deficientes.

Logo da avaliación e autoevaluación poden discutirse as posicións respectivas sobre os temas tratados.

X. Rodríguez Jaras

Ramón Otero Pedrayo: Galeguista insigne e home bó

Co gallo do "Día das Letras Galegas" síntome na obriga, dende a miña conciencia de neno, de escribir unhas liñas sobor do personaxe da vida literaria galega arredor do cal xira a celebración desta festa. Este ano lembramos a figura de don Ramón Otero Pedrayo coincidindo co centenario do seu nacemento. A condición deste home, o "Patriarca das Letras Galegas", en canto ourensán de pro e o galego mais universal, fai que a miña obriga sexa moito mais forte.

Don Ramón nace en Ourense no día 5 de marzo de 1888. A súa nenez transcurre na cidade das Burgas por unha banda e pola outra en Traslva, escearios paisaxísticos que él mais adiante recreará en moitas das súas obras. Entre os anos 1905 e 1910 estuda Filosofía e Letras e Dereito en Madrid despois do bacharelato que culminou en Ourense co Premio Extraordinario de Grao. A súa vida docente empeza no Instituto de Burgos, segue en Santander e despois no Instituto do Posío en Ourense no ano 1921. Toma posesión no ano 1950 da Cátedra de Xeografía Física da Universidade de Santiago, cidade na que pasa oito anos encantado coa constante simpatía dos estudantes. (O propio don Ramón dicía nunhas conversacións mantidas con Maribel Outeiriño: "Non suspendín a nadie". Que tomen nota os nosos profesores da súa bondade). A súa xubilación chégalle no 1958 e segue a traballar en varias obras ata o seu pasamento, que tivo lugar en Ourense o día 10 de abril de 1976.

Don Ramón é unha das persoas mais eminentes da nosa Galicia na xeografía, na historia, na novela, etc., sendo sen dúbida o polígrafo por enriba dos demais. Ramón María nun recente artigo baixo do título "Don Ramón, un regalo de Dios a Galicia" suliñaba a súa importancia con estas palabras: "El nombre de don Ramón Otero Pedrayo, maestro de varias generaciones, escritor elegante y orador eminente, sabio de reputación universal, figurará siempre con letras de oro en nuestra historia...". Diante destas palabras e doutras semellantes ditas tan ben polos nosos sesudos intelectuais, un neno coma mín síntese impotente para penetrar nesta inxente obra. Mais eu coido que hai aspectos da figura de don Ramón mais cerca dos eidos das miñas posibilidades: o seu galeguismo e a súa condición de home bó.

O galeguismo de don Ramón

Don Ramón foi un eminente galeguista na súa laboura intelectual afondando nas investigacións históricas sobor do concepto e realidade de Galicia e compartindo as súas preocupacións nacionalistas con Vicente Risco, Lousada Diéguez, Castelao, etc., na "Xeneración Nós".

O seu galeguismo foi claramente comprometido coas xentes da súa terra e levouno a traballar

activamente como deputado nacionalista polo Partido Nacionalista Republicano de Ourense, que se integrou despois no Partido Galeguista. Destacaron neste eido as súas intervencións no proxecto constitucional das Cortes Constituintes da Segunda República e mais na cuestión agraria e noutros temas de menor importancia.

O galeguismo fai de don Ramón un dos homes mais adicados ó estudo da lingua galega, na que escribe novelas, ensaios, teatro, obras históricas e xeográficas e algúns poemas. Niste senso moitos coinciden en sinalar que a súa obra acadou un lugar de privilexio na narrativa galega coa súa obra cimeira "Camiños da vida".

O seu galeguismo encontrábase afincado nun fondo coñecemento non só da teoría senon da realidade xeográfica da terra. O propio don Ramón confesaba que fixo moitos viaxes a pé por Galicia. Deste xeito namorouse coma ningún da paisaxe galega. As paisaxes son para él algo vivo, inacabado, froito da interacción entre o home e a terra. El percibía cun espírito de pintor impresionista cómo cambiaban ó paso do día á noite, da saída do sol ó solpor ou da primavera ó outono. Froito deste coñecemento namorado é a súa aínda hoxe insuperada "Guía de Galicia".

O galeguismo de don Ramón é un galeguismo cristián: nel galeguismo e cristianismo non son dúas realidades contrapostas, senon íntimamente vencelladas. Niste senso encontramos na súa obra "Ensaio histórico sobre a cultura galega" estas palabras: "No cristianismo atopou Galicia a verdadeira patria do seu espírito".

Don Ramón, un home bó

Tódolos que o trataron dabondo —eu oín falar algunhas veces a don Xulio Francisco Ogando— saben moito da súa cortesía e do agarimo que tiña con todos, saben da súa ternura e comprensión, da súa humildade e xenerosidade. Don Xoaquín Lorenzo ilustra este aspecto cando di: "O primeiro pensamento que lle viña a un á mente diante deste home era: estou fronte dun home bó. Porque a súa bondade enorme revelábase no xesto, na mirada, na expresión. Nunca vin dunha maneira tan clara a realidade daquello de que a cara é o espello da alma". Abonda con ollar o seu "Libro dos amigos" para ver a estima que este home tiña á amizade, na que sempre deu mais do que recibiu, como dixo Ramón Piñeiro.

Se o fondo galeguismo de don Ramón levouno á plena identificación con Galicia, recoñecida polo propio Castelao cando dixo: "Abrazarte a tí, Ramón, é abrazar a Galicia", compre neste día a nosa sentida homenaxe e admiración. E podemos seguir a don Ramón no amor a Galicia e no desexo de imitar a súa bondade.

Anxo López López, 5º de EGB, 10 anos

Opinión persoal sobre Ramón Otero Pedrayo

Eu penso que está ben que sea íl o elixido este ano. Foi un home polifacético xa que foi: escritor, catedrático, orador, etc. Sinto moito que morrera. Quería velo e falar algunha vez con él. Procurarei ler un libro ó 17 de maio. Que sexa, claro, de Otero Pedrayo.

Gústame que o elixiran iste ano para que a xente se acorde díl e lean os seus libros.

A obra que mais me gusta é **Arredor de sí**.

Teño que despedirme. Non sei qué por máis. So os digo que lexades algo sobre Otero Pedrayo.

Letras Galegas: Despois do día sinalado

Un ano mais pasou o Día das Letras Galegas. Todolos centros intensificaron nestes días os actos de recoñecemento e lembranza do mestre que foi de moitas xeneracións de ourensáns. "Na Escola" estivo tamén na escola, na escola de prácticas que sempre nos abría as portas para a realización de actividades puntuais ou mais continuadas. Alí fomos nesta ocasión Ana, María Isabel, Manolo e Xabier, estudantes de pedagogía do Colexio Universitario, xunto co profesor de Teoría da Educación e coordinador do suplemento. Non íamos a repetir os programas que os profesores tiñan pensado para o día 17; extendéndonos na honra de Otero Pedrayo. Mais ventamos propoñer actividades creativas nas que os xóvenes de octavo expresasen as súas vivencias, opinións e sentementos acerca do idioma. A capacidade de creación certamente fixo acto de presenza, reflexando os desexos dos escolares de que se acelere a normalización lingüística dende a escola, dende os medios de comunicación, dende as institucións... Librementemente, por grupos, emprenderon durante toda unha xornada a ardua tarefa de aportar estes materiais, dacordo coas propostas suxeridas polos coordinadores da actividade: Historia dun día (véxase nº de **La Región Na Escola**), Teatro e poesía, Ideas revoltas sobre o campo e a cidade, cartas a autoridades e institucións. Elaboración de centros de interese para un ano enteiro de "Letras Galegas", uso do galego nos medios de comunicación.

Historia do idioma galego

Todo durmía ata chegala hora 12. Nesta hora un xogar e un troveiro empezaron a discutir sobre o idioma galego. Remataron ó cabo de dúas horas chegando á conclusión de que o idioma galego era o mellor para escribir e falar.

As 19 horas chegaron uns reis, chamados "Os Católicos", que fixeron cala-lo galego durante 3 horas. Durante estas tres horas, destacaron en Galicia uns homes que loitaron polo galego. Estes foron o Pai Sarmiento e don Diego Antonio C. de Castro. Estas 3 horas chámanse horas escuras.

As 21 horas apareceron en Galicia uns homes, que foron F. Añón e X. Manuel Pintos, que intentaron espreguiza-la Galicia. Estas horas son as dos precursores.

A hora 22.30 considérase como ó rexurdimento, pois un grupo de persoas, entre os que destacan E. Pondal, Curros Enríquez e Rosalía de Castro.

As 23.10 aparecen as Irmandades da Fala e a xeración "Nós", que son un grupo de persoas que intentan que a xente perda o medo a escribir e falar en galego.

Nas 23.20 aparece o exilio en Galicia, onde moitas persoas emigran a América e a países europeos.

Nos minutos seguintes hai un escurecemento case total, que dura ata as 23.50, onde empeza a rexurdir de novo o idioma galego, con poesías e teatro.

TEATRO

“A guerra entre o galego e o castelán”

(Numha clase algo revolta...)

Don Rafael: Buenos días alumnos.

Misquimbimbias: O Teso: Vós días, mestre.

Don Rafael: Otra vez hablando gallego, eh... pues para mañana cien copias como castigo.

(O día seguinte)

Don Rafael: Haber esas copias niños.

O Teso: Misquimbimbias: Eiquí as ten.

Don Rafael: Como quereis que os diga que no hableis una sola palabra en gallego. Mirad a vuestro compañero Federico, es admirado en todo el colegio.

(Federico reía cumha certa picardía)

Don Rafael: Y además esto está escrito en gallego.

Federico: Tiene razón o señor mestre.

O Teso: Ya sei, mañana es o día de las Letras Galegas. ¿Por qué no hablamos todos galego, mestre?

(O mestre porque Federico o dixo, tivo que aceptar).

Don Rafael: Acepto Federico.

(O día seguinte o mestre non sabía falar moi ben o galego, pero os rapaces ensinárono. O mestre gustoulle o galego e así falano toda a vida, como se fora a lingua oficial).



Grupos (8º A, C.P. Prácticas)

Historia dun día

- Ana Alvarez
- Marta Besteiro
- Begoña Carnicero
- José Luis Cid

Galego na prensa

- Rocío Arribas
- Ivana Amenedo
- Susana Fernández
- Sandra Fernández
- María Alvarez

Teatro

- Efrén Abellás
- Angel Javier
- Jorge Juan
- Joaquín Alfonso

Ideas revoltas

- Manuel Domínguez
- Ana
- Rafael Martínez

Cartas

- Francisco Fernández
- X.R. Carvajales
- Roberto Abella
- Alejandro Díaz
- Emilio Domínguez

Poesía

- Mirian Fernández
- Mº Xosé Fernández
- Ana M. Bueno
- Sonia Barreiros

- Jesús Fernández
- Gerardo Domínguez
- Oscar
- Marcos X. Gómez

Un ano de Letras Galegas

- Mónica Cid
- Roberto Bouzán
- Yolanda Pérez
- Tamara López

Poesía

As Letras Galegas son cousas de vellas,
e con moita ledicia forma o idioma de Galiza.
¿Para qué tanto traballo?
¿Para qué tanto traballar?
A vida e curta e aínda que disfrutar,
non sufras meniño que algún día maior serás
e con moita ou pouca ledicia tendrás que traballar
e senon queres traballar un pobre poeta serás
e cando morras ás Letras Galegas pertenceras
falarán de tí e a túa vida publicarán.
Hai moitos poetas pertencentes xa,
e o deste ano Otero Pedrayo será.
E agora vaite a camiña,
que mañá tendrás que madrugar,
irás a escola
e alí algo mais aprenderás.

“O galego en Galicia”

Nesta poesía
nos opinaremos,
si en Galicia,
fálase galego.

Os pais,
galego non falarán
e así
castelán nos ensinarán.


Antergamente, na escola,
galego non se podía falar

máis agora nosos mestres
galego nos ensinarán.

Na rúa, na casa, no bar
galego non falarán
mais nós
galego queremos falar.

Entre a nai galega
e o pai andaluz
sairemos falando
castrapo, ¡Xesús!

Conto vello



- Es U. un burro

- No sabe U. nada

- Ni en septiembre -

- Excelentísimo Señor...

Reflexión - investigación

Uso do galego na prensa

Xornal: A Voz de Galicia
 Páxinas que contén: 80 páxs.
 Día: 8 de Maio de 1988.
 Artículos en galego: 10.

Anuncios: 6
 -Dos concellos de Oleiros, Arteixo, Bando e da Xunta de Galicia.
 Artículos: 4
 -"O can de Buridan", Ciencia e miseria.
 -"Cousas da lingua", Lei do solo.
 -"O soterrado no Grand-Bé".
 -"Sobre a morte de Ben-Cho-Shey".


Humor en galego: 1.
 Crucigramas: 1
 Programa de TVG.
 -Outros artigos os títulos son en galego, pero a noticia é en castelán.
 -Proporción do galego na prensa: 16,25%.

Xornal: A Rexión.
 Data do xornal: Xoves, 5 de maio de 1988.
 Páxinas en total: 48.
 Artículos en galego: 10 (14,5%).
 Anuncios: 2.
 Artículos:
 -"Na morte de Ben-Cho-Shey".
 -"Dous recantos".
 -"Os veciños de Muíños considéranse discriminados nos plans da Diputación".
 -"Cartas á Rexión".
 -"Todo o apartado da escola está en galego."
 -"Enterro de Ben-Cho-Shey".
 -"Os pais na escola".
 -"Crónica da TVG".
 -Tamén están en galego a programación da TVG, unha esquela, un crucigrama, e o humor do Carrabouxo.
 -Nalgunhas noticias o título está en castelán e o contido en galego ou viceversa.

"Posta en común"

Nó tanto por cen que sacamos ó longo de todo o tempo de traballo podemos observar que o comparar A Voz de Galicia ca **Rexión**, decatámonos de que A Voz de Galicia ten máis artigos en galego, cousa ca **Rexión** non ten na mesma cantidade. Na **Escola** todo vai en galego. Pero aínda así os periódicos galegos non teñen unha proporción adecuada para estar no seu país (Galicia).

Susana Fernández
 María Alvarez
 Juana Amenedo
 Rocio Arribas
 Sandra Fernández



¿E se se dá a volta a Terra caese a y- auga do mar emba do Sol?

Ideas revoltas

Cidade - Campo

- 1.-Sitios onde poder xogar. Parques, polideportivos...
- 2.-Temos piscinas onde podemos xogar nadar etc.
- 3.-Nos temos moita contaminación.
- 4.-Nos temos discotecas.
- 5.-Nos temos tabernas modernas.
- 6.-Temos supermercados.
- 7.-Temos coches...
- 8.-Chegan moito mais rápidos.
- 9.-Nos temos os hospitais máis preto.
- 10.-No colexio facemos excursións moi longas.
- 11.-Nos sabemos cousas que vos non sabedes.
- 12.-Pois nos temos zoolóxicos.
- 13.-Temos animais nos zoolóxicos que vos só coñecedes por fotos.
- 14.-As festas son máis días.
- 15.-Nos podemos comprar os paxaros que queiramos.
- 16.-Nos temos aparatos de música.


- 17.-Temos máis comodidades.
- 18.-Temos os colexios e as Universidades máis preto, e vos te devos que desplazar.
- 19.-Tamén temos bibliotecas.

Cidade - Campo

- 1.-No pobo temos montes para suvirnos as árbores.
- 2.-Nos temos ríos e fontes de auga pura.
- 3.-Nos temos aire puro.
- 4.-Nos temos tabernas.
- 5.-E as nosas son mais enxebres.
- 6.-E nos cousas naturais do campo.
- 7.-Temos medios de transporte mais económicos (burros, carros, etc.).
- 8.-Os nosos teñen aire acondicionado.
- 9.-E nos curandeiros que aínda son millores.
- 10.-E nos as temos mais cortas e millores.

- 11.-E nos outras que vos non sabedes, coma cultivar patacas, etc., e senon haber gracias a quén comedes.
- 12.-E nos podemos admiralos no seu medio natural.
- 13.-Pa velos sufrir e mellor non velor.
- 14.-Pero as nosas son mais divertidas porque nos coñecemos todos.
- 15.-E nos collemolos gratis no monte, e cantan mellor o estar alimentados naturalmente e non quimicamente.
- 16.-E nos non os temos que mercar o ter a cordial música dos grilos e paxariños.
- 17.-Nos temos millores casas e tedes que aguantar o veciño de arriba.
- Así estades de atrofiados.
- 18.-Por desgracia.
- 19.-E nos temos os nosos abós co coñecen todo e podennolo explicar mellor.

Cousas da vida



O ABADE - nunca te deites sen facer unha boa obra ; sabes?

EDUPAZ

Xogos cooperativos

Os xogos en sí son realmente importantes, polo que se fai necesario usalos reflexivamente. Na maior parte deles existe unha arraigada reacción ante o **ganar** ou **perder**, trátase de **xogos competitivos**.

Como alternativa, preséntanse os **xogos cooperativos**, cuido **obxectivo** é fortalecer a sensación de apoio e a actividade de grupo, os participantes sintense máis relaxados e abertos xa que todo o mundo gana.

Algúns exemplos:

-Elixir os equipos cooperativamente:

O monitor/educador elixe dous nenos, e cada un deles elixe outro membro do equipo. Logo o recién elixido, colle outro e así sucesivamente. Este método non elimina a vergonza de ser o último, pero o intervir o azar, tócalle a persoas distintas.

-Sillas musicais non eliminatorias:

O obxectivo é manter a todos no xogo, aínda, cando as sillas exan quitadas. Como na versión competitiva, a música soa, e cada vez que se para quítase unha silla. A variante consiste en que cada vez máis nenos teñen que xuntarse en grupo, sentados en parte das sillas ou encima de outros para manterse todos no xogo. O final acabarán todos encaramados nunha silla, como oposición os rapaces frustrados que se quedan fora con un ganador" nunha silla.

As gafas:

Materiais: 8 monturas de gafas vellas sin cristales, ou de alambre, ou cartulina.

Cada unha das gafas representa un estado de ánimo. Así por exemplo, estas son as gafas da desconfianza, cando levo estas gafas son un desconfiado. ¿Quén ten ganas de poñerse estas gafas e decir qué ve por eiquí? Dispois vanse sacando as gafas da "confianza" "tristeza" "replicón".

Carmen Vidal



EXPERIENCIAS

Aprender en Manzaneda

O Colexio Guillelme Brown dentro da súa programación do curso e aproveitando a estación invernal existente na nosa provincia, ven a realizar unha experiencia que levaremos a cabo tódolos anos con nenos a partir de 1º de EXB, e que chamamos "Aprender en Manzaneda".

Enmarcado dentro do bloco temático "Coñecemento do medio", realizamos unha excursión pedagógico-didáctica.

Poñendo en práctica o método activo conxugado co científico e investigador, acercando aos nenos ao medio rural ao través da oibservación directa e da convivencia. A estancia foi de cinco días con nenos de C. Inicial e C. Medio.

A convivencia non puido ser máis positiva, xa que se favoreceu o desenvolvemento dos rapaces por sí mesmos, alonxados dos seus pais e á vez logrouse unha maior integración entre todos eles.

Programación da saída

I.- Tempo para a preparación da saída e temas que investigaríamos.

II.- Itinerario:

-Saída de Ourense.

-Val de Maceda. Montañas do Xurés ao fondo. Parada en Montederramo e observación dunha vila asentada nun val de montaña.

-Castro Caldelas. Trives.

-Parada en Cova; observación dunha aldea de alta montaña. Diferencias e similitudes respecto de Montederramo.

-Chegada a Manzaneda.

III.- Convivencia:

a) Curso de esquí:

Tivo unha duración de 25 horas, 5 horas diarias, das cales 3 horas foron de adquisición da técnica do esquí (pola mañá), e 2 horas de esquí libre con xogos (pola tarde).

Argumentación: As ventaxas pedagóxicas que ten esta actividade son:

-Exercicios de psicomotricidade.

-Maior dominio do equilibrio.

-Autocontrol do seu corpo.

-Aprender a resolver situacións difíciles por sí mesmo.

-Adquiren seguridade en sí mesmos, axudando moito a nenos tímidos.

-Potencia e exercicio físico en contacto coa natureza.

-Aprender un deporte individual, conxugado con xogos en equipo.

b) Traballo escolar:

b1.-Práctica ou investigación.

-Estudio dunha estación meteorolóxica.

-Observación diaria e toma de datos consultados na estación meteorolóxica.

-Visita aos iglús onde dormían os soldados.

-Estudio da vexetación; diferenciando tipos de vexetación.

b2.-Teórico. Pola tarde, durante unha hora e trinta minutos. Actividades globalizadas como reforzo.

-Estudio das diferentes prendas de inverno.

-Estudio físico e político da montaña.

-Estudio dos distintos tipos de precipitacións atmosféricas (estados da auga; chuvia, granizo, neve).


-Lectura e comprensión de textos, poesías, e adiviñas sobor da montaña, sol, nubes, etc.

O curso de esquí e o traballo escolar foron cumprimentadas con unha serie de actividades:

-Natación.

-Xogos.

-Bailes, festas infantiles, etc.



AS MATEMÁTICAS QUE DEBERIAN APRENDE-LOS NENOS.

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:

Xosé Manuel Cid (coordinador)

Mercedes Suárez Pazos

Mariló Candedo

Mercedes González Sanmamed

Xesús Rodríguez Jares

Calo Iglesias

Colabora:

Nova Escola Galega

Maqueta:

Departamento de diseño de **La Región**.

TIRA

Eloy Luis André: "Nenos ceives, povos ceives"

O pasado 24 de maio facía cincuenta e tres anos do firmamento do ilustre fillo de Vilardebós, Eloy Luis André. A súa lembranza no mundo do ensino e da cultura ten que ser dobre: por unha banda, debido á actualidade dos seus pensamentos pedagóxicos, e por outra, dado o descoñecemento que temos dos mesmos por ser inxusta con él a historiografía. Hoxe, que apenas se fala de "liberdade" en relación coa educación, é oportuno lembrar a Eloy Luis André e os seus mestres Francisco Giner e Bartolomé Cossío, ideólogos sobranceiros da "Institución Libre de Enseñanza".

Catedrático de Psicoloxía, Lóxica e Ética na Universidade de Madrid, André seguía atentamente a evolución social e política da súa terra, constituíndo xunto con Basilio Alvarez, Portela Valladares, Manuel Martínez Risco e outros, unha xeneración ponte, fundamental no proceso de tránsito dunha Galicia vella e unha Galicia con esperanza.

O seu discurso liberal e republicano resúmese na consigna institucionista: "Revolución nas consciencias, para formar un novo tipo de home", tomada da máxima ilustrada, de que non

pode haber revolución política sen revolución educativa.

André abogaba por un "Futuro estado nacional galego, que trunfase sobre o "bugallismo: monarquía, plutocracia, clericalismo, militarismo e caciquismo" (La República, xuño de 1930). Ese trunfo sería o froito dunha transformación educativa que o autor, nun extenso artigo sobre "Loita pola cultura en Galicia", reflexaba deste xeito: "Revolución en las almas y en los corazones que nos inspire fé y valor en nosotros mismos... que dé categoría de valorización histórica a un pueblo hipnotizado por sus tiranos y en agonía perpetua de inconsciente vivir en el escenario de la historia; rotas las cadenas del hambre, del miedo y la ignorancia, con sus eslabones se fraguarán la hoz, el martillo, la pluma, la nave y el arado, que son los nuevos signos de divinidad y soberanía del pueblo... La conciencia viva de un pueblo fraguado en solidaridad y libertad..." Nenos ceives, povos ceives é a mensaxe que segue a ter todo o seu valor.

Xosé Manuel Cid

NOVAS

—O próximo día 5 deste mes celébrase o **Día Mundial do Medio Ambiente**. Agardamos que sexa unha xornada festiva e reivindicativa nos nosos centros. Por este motivo este nº 9 adicámolo enteiraamente a dar ideas encol do tema.

—A pasada semán, organizada polo ICE, celebrouse en Santiago a primeira xuntanza do **Taller de Educación Ambiental**, constituído por ensinantes, xornalistas, ecoloxistas e representantes de concellos.

—Xesús R. Jares, membro do grupo de **Educadores pola Paz** de Nova Escola Galega, presentou en Ourense unhas unidades didácticas de educación non sexista, destinadas a escolares de 6 a 16 anos.

—Nos pasados días os alumnos/as da **escola unitaria de Outomuro** foron de excursión a Vigo a coñecer o que nunca viron: os barcos, os avións e o zoo. A viaxe foi subvencionada polo Concello de Cartelle.

—O pasado día 23 saíu no DOG a convocatoria de **cursiño de traslados** para profesores/as de EXB, para proveer as vacantes nas localidades de máis de 10.000 habitantes, ou naquelas outras nas que existan máis de dous centros. O prazo de presentación das instancias é de 10 días hábiles despois da publicación.

—Rematou o primeiro Curso de Aptitude Pedagóxica organizado polo I.C.E. en Ourense. O mellor de todo foi o clima de diálogo e relacións persoais creado no grupo, que tivo a súa confirmación na cea celebrada o pasado sábado nun restaurante da nosa capital.

LIBROS

Educación ambiental e investigación do medio

AA.VV. (1980): **Ecología i educació**. Barcelona, ICE Universitat de Barcelona.

(1980): **Utilización didáctica del entorno**. Madrid, Dirección General de Educación Básica, Subdirección General de Ordenación Educativa.

(1985): **La ecología en la escuela**. Madrid, Santillana.

(1987): **I Xornadas Galegas de Educación Ambiental**. Vigo, ADEGA/AS-PG.

CAÑAL, P. et al. (1981): **Ecología y escuela**. Barcelona, Laia.

CARMEN, L. del (1988): **Investigación del medio y aprendizaje**. Barcelona, Graó.

CLAPHAM, V. (1987): **Proyecto Internacional "Hacer para Comprender". Fichas de experimentos para la conservación**. Madrid, ADENA/WWF.

FERNANDEZ, D. e JUSTICIA, D. (1987): **Recursos pedagógicos del entorno**. Madrid, Cincel.

NADAL, M. e PUJOL, J. (1983): **El medi a l'escola. Elements per a una recerca**. Barcelona, Graó.

NOGUEIRAS HERMIDA, E. et al. (1984): **Inventario de recursos didácticos do entorno: a comarca do Ribeiro**. Santiago, Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

NOVO VILLAVERDE, M. (1985): **Educación Ambiental**. Madrid, Anaya.

OLIVER, J. (1981): **Los programas escolares y la investigación del entorno**. Madrid, Escuela Española.

OLIVERA, F. (1987): **La investigación del medio en la escuela**. Madrid, Penthalon.


SANCHEZ CARRERA, M.C. (1988): **A educación medio ambiental en EXB e EEMM**. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

SANCHO TEJEDOR, M. (1987): **Actividades didácticas para el conocimiento del medio**. Madrid, Cincel.

TAMAMES, R. (1982): **La educación ambiental**. Madrid, Nuestra Cultura.

UNESCO (1980): **La educación ambiental. Las grandes orientaciones de la conferencia Tbilisi**. París, UNESCO.

Mercedes Suárez Pazos



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

